

Ref.: AS2302

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 2º CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DO PROFESORADO ASOCIADO. CURSO ACADÉMICO 2023-2024.

Consonte ao disposto na base 4 do concurso público para a contratación do profesorado asociado convocado por esta universidade mediante resolución reitoral do 29 de novembro de 2023, publicada no DOG do 5 de decembro,

ESTA REITORIA RESOLVE:

Primeiro: Aprobar e facer pública no taboleiro electrónico da Universidade Vigo como anexo I (lista alfabética) e II (lista por referencia), a **relación provisional** de persoas admitidas e excluídas no concurso.

As persoas aspirantes provisionalmente excluídas que no prazo indicado no pé de recurso non emenden as causas de exclusión sinaladas serán definitivamente excluídas do presente concurso.

Segundo: De conformidade coa base 3 da convocatoria «non se admitirá ningunha documentación adicional **relativa a méritos, incluído o proxecto docente**, que non se aportase dentro do prazo de presentación de solicitudes». Soamente se poderán subsanar os **requisitos de acceso** que se indican en cada caso.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso e subsanar as causas de exclusión no prazo de **cinco (5) días hábiles** dende o día seguinte á publicación da mesma.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 31 de outubro de 2023, DOG de 10 de novembro)
A VICERREITORA DE PROFESORADO E ORDENACIÓN ACADÉMICA
(asinado dixitalmente)

- Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Universidade de Vigo

